

Xacemento A praza da Lagoa

050037

Datos de Localización

Xacemento Romano

Nomenclator:	3207702
Coord. UTM:	X: 60382472 Y: 466604781
Concello:	Sandiás
Parroquia:	PIÑEIRA DE ARCOS
Lugar:	Chousela, A
Tipoloxía:	Xacementos Arqueolóxicos
Tipo:	Xacementos Romanos
Subtipo:	Xacemento Romano
Denominación:	Xacemento A praza da Lagoa
Etapa Histórica:	Época Romana
Estilo relevante	Indeterminado



Outros Estilos:

Descrición:

Para acceder ata o xacemento, dende a estrada N-525 en dirección Madrid hai que desviarse polo pobo de Piñeira de Arcos e coller cara A Chousela. Os restos atópanse ó norte da pista que conduce ó último núcleo citado, xusto antes de cruzar a autovía. Ocupan unha ampla extensión de terreno.

Tivéronse novas deste xacemento debido ó seguimento arqueolóxico levado a cabo con motivo das obras da autovía das "Rías Baixas" no ano 1993. No informe recollido nesa data expónse que aparecen numerosos fragmentos de cerámica común romana, tégula e ladrillo. Na actualidade a maior parte da extensión que ocupa o xacemento está cuberta de maleza e arboreda -unha parte incendiada hai pouco tempo-, o resto do terreno está adicado ó cultivo. É aquí onde inda se pode apreciar algún resto de cerámica común romana e tégula.

Para delimitar o xacemento, a única opción é pola dispersión dos materiais que aparecen en superficie, xa que non hai estruturas visibles. Non cabe dúbida que os materiais son de época romana, o que non se pode determinar é o tipo de xacemento, aínda que probablemente se trate dunha vila rural romana. O xacemento atópase preto do trazado da Vía Nova ou Vía XVIII do Itinerario de Antonino, así como dunha vía secundaria que partía da XVIII cara Lugo.

DOCUMENTACIÓN:

- Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do Concello de Sandiás. Clave de identificación: GA32077009/009.
- Ficha do inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32077009.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.:

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: Grupo III

Proposta Grao de Protección Arq.

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Agropecuario e forestal

Alteracións Morfolóxicas

Tipo: Alteracións propias dos traballos agrícolas, da construción da autovía e das pistas da concentración parcelaria.

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles



